



Maiores 'on line'

28.09.2006 Cesga e UDC deseñan unha aplicación informática a través do televisor da casa para rehabilitar a capacidade cognitiva, cun seguimento en tempo real por especialistas

MÓNICA MARTÍNEZ . SANTIAGO

O centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) e o grupo de investigación en Xerontoloxía da Universidade da Coruña (UDC) están a elaborar conxuntamente o proxecto 'Discognitios', que pretende proporcionar, xa para 2007, ferramentas a través de internet para axudar na rehabilitación de persoas maiores que presenten minguas nas súas capacidades cognitivas superiores, tales como a memoria, a orientación, a percepción, a lectura, a linguaxe ou o cálculo.

Esta iniciativa, que se desenvolve no período 2004-2007, pretende chegar a un público amplo e facer as veces dun psicólogo a distancia para, de xeito non presencial, estar en contacto co usuario .

Os destinatarios da telerrehabilitación son persoas maiores que presenten un certo grao de deterioración das súas capacidades cognitivas e mesmo maiores que se atopen ben.

'Discognitios' forma parte dun proxecto máis amplo de telexerontoloxía no que traballa o Grupo de investigación en Xerontoloxía da Universidade da Coruña. Segundo explica o doutor José Carlos Millán Calenti, pertencente ó devandito grupo, 'Discognitio' é o derradeiro elo da macrolíña telexerontolóxica que dende a UDC están a desenvolver en colaboración con outras entidades, tales como Televés ou o Cesga.

A Xunta xa se amosou moi interesada en dispor na súa rede asistencial da telexerontoloxía, que poderá empezar a aplicarse para o vindeiro ano e que, ó distribuírse por internet, non terá límites para chegar á casa dos maiores.

O proxecto desenvolvido co Cesga será pois a ferramenta que permitirá a aplicación informática dos outros tres puntos dos recursos de telexerontoloxía. Así, grazas á videoconferencia, levarase á casa dos maiores un profesional. Tamén por videoconferencia, poderanse seguir dende o domicilio os exercicios de rehabilitación que realicen os terapeutas no centro xerontolóxico coruñés La Milagrosa. Accederán, así mesmo, a exercicios e información sobre saúde e prevención.

Segundo nos explica Manuel Gromaz, técnico de *e-learning* do Cesga, trátase de levar ós domicilios non un ordenador senón un terminal dos chamados *parvos* polo seu doado manexo, que é similar ó dun *joystick* e só precisa premer un botón.

O doutor Millán salienta que o maior poderá utilizar os recursos de telexerontoloxía dende o seu televisor. Só será preciso un decodificador do sinal de internet, desenvolvido por Televés. O manexo será moi sinxelo e intuitivo grazas tamén a un rato especial, o *geropad*, deseñado en colaboración con Televés.

Os autores do proxecto 'Discognitios' laboraron unha base de datos *online* na dirección "<http://lembra.cesga.es>", con aplicacións informáticas, entre as que destacan os xogos e exercicios, avaliados segundo o grao e o tipo de estrago cognitivo, e consonte ó grao de accesibilidade dos potenciais usuarios.

Esta dirección de internet tamén lles ofrecerá información ós profesionais da xerontoloxía que queiran ampliar os seus coñecementos neste campo de estudo, e ós que se lles poderá facilitar información sobre os programas informáticos que permiten o deseño e o desenvolvemento de aplicacións para a rehabilitación cognitiva.

O total de programas informáticos avaliados polo Cesga supera os 150, e os mellor valorados desta lista probáronse nun campo de traballo cun grupo piloto de persoas maiores.